



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA

Zona Hidrográfica de Galicia-Sur

R/ San Salvador, 2-4º
36204 Vigo
Telf: 986 817 743
Fax: 986 817 155



SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA SUR DE AUGAS DE GALICIA

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Begoña Laya Iglesias, con DNI 35317653A, en representación da Comunidade de Usuarios Casas Novas 2017, solicita de Augas de Galicia un caudal de auga de 438,11 m³/ano de auga procedente dun manancial no lugar de Casas Novas, parroquia de Mourente, Concello de Pontevedra (Pontevedra), con destino a uso doméstico e rega.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.59749

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Comunidade de Usuarios Casas Novas 2017
CAUDAL:	438,11 m ³ /ano
DESTINO:	uso doméstico e rega
ORIXE:	captación de manancial na ref. catastral 1788207NG3918N0001RF
LUGAR:	Casas Novas
PARROQUIA:	Mourente
CONCELLO:	Pontevedra

Descrición:

A auga cáptase en pozo aros formigón Ø 1,50 m, 2,0 m prof. e condúcese mediante tubo PE Ø 45 mm uns 126 m por parc. 110, pol. 127, ref. cat.. 1788201NG3918N0001LF e atravesa camiño ata muro en ref. cat. 1588253NG3918N0000XD, de onde se reparte a depósito formigón 2,70x2,30x1,10 m en ref. cat. 1588209NG3918N0001GF para rega desta, chave de paso para rega en ref. cat. 1588251NG3918N0000RD e chave de paso en ref. cat. 1588252NG3918N0000DD para uso doméstico que abastecerá depósito PE 1,19x0,66x1,81 m que se pretende instalar para futura vivenda na parc.

O que se fai público, para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontevedra ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º de Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 19 de decembro de 2017

O xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia
P.S. Resoluc. dirección Augas de Galicia do 20.02.2017

Alberto Bosquet Herreros

